

Con data 01.01.2019 entrou en vigor a actualización do *Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados* modificado pola *Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, no seu artigo 8, coa finalidade de adaptalo á normativa básica estatal. Os cambios realizados consisten basicamente en:

Un. Modifícase o apartado 2 do número 1 do artigo 2, que queda coa seguinte redacción:

«2. Actividades potencialmente contaminantes do solo: as actividades de tipo industrial ou comercial que, xa sexa polo manexo de substancias perigosas, xa sexa pola xeración de residuos, poidan contaminar o solo. Terán, en todo caso, esta consideración:

a) As actividades de tipo industrial ou comercial recollidas no anexo I do *Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados*, ou norma que o substitúa.

b) As actividades que producen, manexan ou almacenan máis de dez toneladas por ano dunha ou varias das substancias incluídas no *Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas*.

c) Os almacenamentos de combustible para uso propio, segundo o *Real decreto 1523/1999, do 1 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e as instrucións técnicas complementarias MI-IP03, aprobadas polo Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, e MI-IP04, aprobadas polo Real decreto 2201/1995, do 28 de decembro*, cun consumo anual medio superior a 300.000 litros e cun volume total de almacenamento igual ou superior a 50.000 litros.

Terán a consideración de novas actividades potencialmente contaminantes do solo aquelas que iniciaron a súa actividade con posterioridade ao 7 de febreiro de 2005, data de entrada en vigor do *Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro*.».

Dous. Suprímese o anexo I.

Por outra banda lémbbraselle a publicación da *Orde PRA/1080/2017, do 2 de novembro, pola que se modifica o anexo I do Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados*.

En vista de todo o anterior unicamente deberán presentar os informes de situación do solo, en calquera das súas modalidades (informe preliminar, renovación, transmisión de titularidade,

peche ou modificación substancial), aquelas empresas que coa entrada en vigor da modificación do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, continúen tendo a consideración de actividades potencialmente contaminantes do solo (xa sexa porque estean incluídas nos das actividades especificadas na Orde PRA/1080/2017, do 2 de novembro, xa sexa pola produción, manexo ou almacenamento de sustancias ou polo almacenamento de combustible para uso propio de acordo ao especificado anteriormente).